



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Proxecto de lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, polo que se modifica a Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

DECRETOS

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da VAC Tui (incluído enlace autovía a Portugal)-A Guarda, treito I: Tui-Tomiño.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da Modificación da AC-300, ramal de acceso á autovía Santiago de Compostela-Brión.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza establecer a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Administraciones Públicas para a prestación mutua de servizos de administración electrónica



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e a entidade Caixa Galicia, para a mellora do sistema de pagamentos do transporte metropolitano de Galicia

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a Xerencia do Sector da Construción Naval para o cofinanciamento da formación continua do persoal da industria auxiliar do sector da construción naval da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2008, 2009 e 2010

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual para a prórroga de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os titulados en ciclos formativos de acuicultura

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe sobre o Programa 2008-2013 de apoio ás pequenas e medianas empresas industriais para melloras ambientais



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE VIVENDA E SOLO

- *Incrementátese a porcentaxe de solo reservado nas urbanizacións para a edificación de vivenda protexida, que en cada ámbito de actuación deberá ser, como norma xeral, do 40% nos concellos de máis de 20.000 habitantes e do 30% nos de menos poboación que, baixo determinadas condicións, poderán rebaixar esta porcentaxe ata o 20%*
- *Os concellos de menos de 5.000 habitantes son obxecto dun tratamento específico segundo o cal, en determinadas circunstancias, poderían quedar exentos de reservar solo para vivenda protexida*
- *Establécense medidas para garantir a edificación das vivendas protexidas de xeito que, de incumprírense os prazos, tanto os concellos como a Xunta poidan decretar a súa edificación forzosa*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, que agora será remitido ao Parlamento autonómico para a súa tramitación e aprobación. O obxecto deste texto é modificar a Lei do solo 9/2002 e introducir nela mecanismos que garantan a efectiva construción de vivendas de protección oficial e o dereito de todos os cidadáns a dispor dunha vivenda digna.

Así, o proxecto de lei aumenta as porcentaxes de reserva de solo destinado a vivenda protexida e crea por primeira vez en Galicia unha rede autonómica de solos dotacionais para vivenda pública, recollendo experiencias positivas acumuladas por outras comunidades autónomas coa finalidade de favorecer o acceso de determinados segmentos de poboación á vivenda e conseguir unha maior cohesión social. A nova lei, unha vez aprobada polo Parlamento, tamén establecerá medidas para garantir a edificación das vivendas nos prazos establecidos e regular a súa distribución territorial para evitar a segregación social dos cidadáns en función da renda.

Máis porcentaxe de solo reservado para vivenda protexida

Nos concellos de máis de 20.000 habitantes, o proxecto tramitado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes sitúa a reserva de edificabilidade destinada a vivenda protexida no 40%, co que se duplica o mínimo do 20% vixente na actualidade.

Para os concellos de menos de 20.000 habitantes, a reserva para vivenda protexida fíxase no 30% da nova edificabilidade residencial, aínda que excepcionalmente poderá reducirse ata o 20% sempre que se acredite que esta porcentaxe é suficiente para atender a potencial demanda de vivenda protexida no concello en cuestión.



Os concellos de menos de 5.000 habitantes son obxecto dun tratamento específico de xeito que, en determinadas condicións (de crecemento moderado), poden chegar incluso a estar exentos de reservar edificabilidade para vivenda protexida.

Estas porcentaxes de reserva para vivenda protexida aplicaranse á edificabilidade residencial prevista nos planeamentos municipais para o conxunto de solos clasificados como solo urbano non consolidado e solo urbanizable.

O proxecto de Lei establece, ademais, normas para distribuír a vivenda protexida en cada concello, evitando a súa concentración, de xeito que se favoreza a cohesión social e se evite a creación de zonas marxinais.

Rede autonómica de solos dotacionais para vivenda protexida

Créase unha rede de solo dotacional público ao establecerse unha cesión obrigatoria á Xunta por parte dos promotores de solo urbanizable de uso residencial. A cesión será de 2,5 metros cadrados de solo por cada 100 metros cadrados de edificabilidade, e non mingua o aproveitamento obtido polos particulares nin polos concellos.

Prazos para desenvolver as vivendas

O proxecto de lei tamén fixa os prazos para garantir que se constrúan as vivendas de protección. Estes non poderán ser superiores aos que se fixen para edificar as vivendas libres.

En caso de que se incumpran os prazos para construír vivendas protexidas, o concello decretará a inscrición obrigatoria no rexistro de soares e dous anos máis tarde decretará a edificación forzosa. Se transcorrido un ano o concello non adoptase estas medidas, a Xunta terá a capacidade de executalas por decreto.

Disposicións transitorias para continuar o planeamento iniciado

As disposicións transitorias da Lei facilitan que os concellos continúen a tramitación dos planeamentos que estean xa en elaboración. Así, para os plans xerais de ordenación municipal (PXOM) e plans de desenvolvemento (parciais, de sectorización, ...) que se atopen en trámite no momento de entrada en vigor da lei, esta establece unhas disposicións transitorias para que poidan proseguir e acadar a aprobación definitiva.

Atendendo a estas disposicións, os plans xerais aprobados provisionalmente antes da entrada en vigor da lei disporán dun prazo máximo de 1 ano para continuar a súa tramitación ata a aprobación definitiva. Non obstante, a lei outórgalles a posibilidade de adaptarse integramente ás novas disposicións relativas ao incremento de reservas de solo para vivenda protexida sen que a dita modificación implique necesariamente a apertura dun novo trámite de exposición pública.



Se transcrido o prazo de 1 ano desde a entrada en vigor desta lei, o PXOM en cuestión non acadou a aprobación definitiva, deberá adaptarse obrigatoriamente á citada normativa.

Canto aos plans de desenvolvemento (parciais, de sectorización, ...) aprobados inicialmente antes da entrada en vigor da lei, disporán dun prazo de dous anos para continuar a súa tramitación e aprobación definitiva mantendo, como mínimo, a reserva do 20% de edificabilidade establecida actualmente. Pola súa banda, os plans de desenvolvemento que contén con ordenación detallada ou planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente deberán ser executados no prazo máximo de tres anos.

Os novos plans urbanísticos que se desenvolvan a partir da entrada en vigor da lei deberán cumprir o contido íntegro da normativa.



O CONSELLO DA XUNTA INICIA O PROCESO EXPROPIADOR DA VÍA DE ALTA CAPACIDADE TUI-A GUARDA

- *Esta vía, que estará preparada para o seu desdoblamento en autovía, inclúe a variante da Guarda e supón un investimento total estimado duns 120 millóns de euros*
- *O Goberno galego aprobou hoxe o decreto de utilidade pública e urxente ocupación dos terreos necesarios para construír o primeiro treito, entre Tui e Tomiño, que ten un orzamento de 30,5 millóns de euros*
- *A CPTOPT prevé que as obras comezarán este mesmo ano nos treitos I (Tui-Tomiño) e III (Goián-A Guarda)*
- *Esta infraestrutura mellorará a mobilidade e a seguridade viaria do Baixo Miño, facilitando as conexións dos concellos da Guarda, O Rosal e Tomiño con Tui e, desde alí, a través da A-55, con Vigo e o resto da rede viaria galega*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción da Vía de alta capacidade Tui-A Guarda no seu primeiro treito, entre Tui (desde o enlace coa A-55) e Tomiño (ata o enlace coa PO-350). Con este decreto iníciase o proceso expropiador da nova infraestrutura, que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes mellorou con respecto ao previsto polo anterior goberno para facilitar a súa conversión futura en autovía, minorar o impacto ambiental e social do seu segundo treito entre Tomiño e Goián e incluír a variante da Guarda.

O custo estimado do primeiro treito entre Tui e Tomiño é de 30,5 millóns de euros, dos cales preto de 3 millóns van destinados ao pagamento das expropiacións dos 565 predios necesarios para construílo. O investimento total de todo o corredor será duns 120 millóns de euros, incluída a variante da Guarda.

Este treito I, entre Tui e Tomiño, ten unha lonxitude total de 3,9 quilómetros e inclúe a remodelación do actual nó de enlace coa A-55. Contará con dous carrís, un en cada sentido, de 3,5 metros de ancho e dúas beiravías de 2,5 metros. Ademais, os seus primeiros 1.100 metros xa terán características de autovía, con dous carrís en cada sentido de 3,5 metros e mediana de 2 metros.

Preparada para a súa conversión en autovía

O inicio do proceso expropiador para a construción da vía de alta capacidade autorízase logo de que a CPTOPT aprobase, a finais do pasado ano, os proxectos de trazado dos treitos I (Tui-Tomiño) e III (Goián-A Guarda) tras seren reformulados para que tivesen características de corredor, o que permitirá converter esta vía en autovía no momento en que a intensidade do tráfico que rexistre así o exixa. Deste xeito, no novo proxecto quedarán deseñados como definitivos os enlaces, as estruturas de



paso superior e algunhas de paso inferior, os desmontes e algúns terrapléns e falsos túneles que se manterán cando se acometa o desdobramento.

Tras a declaración de utilidade pública deste treito I (Tui-Tomiño), o Consello da Xunta aprobará nas vindeiras semanas un decreto similar para o treito III (Goián-A Guarda), co que as obras comezarán nestes dous tramos este mesmo ano. Ademais, tamén este ano se someterán a información pública e se aprobará a declaración de utilidade dos novos treitos II (Tomiño-Goián, cuxa modificación de trazado se está a estudar para ter en conta os asentamentos urbanos existentes e as súas conexións, a topografía e os respecto ambiental) e IV (variante da Guarda, non prevista no anterior proxecto).

A futura vía de alta capacidade de nova construción Tui-A Guarda mellorará a mobilidade e seguridade viaria do Baixo Miño, facilitando as conexións dos concellos da Guarda, O Rosal e Tomiño con Tui e, desde alí, a través da A-55, con Vigo e o resto da rede viaria galega. Este corredor suporá un importante avance nos tempos de conexión e na seguridade viaria fronte á vella estrada PO-552, que ten que atravesar numerosas vías urbanas.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 2,5 MILLÓNS DE EUROS NUNHA VARIANTE DA ESTRADA A PICARAÑA-OS ÁNXELES NO TERMO MUNICIPAL DE BRIÓN

- *O novo vial terá 1,4 quilómetros e servirá de ramal de acceso á autovía Santiago-Brión*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción dunha variante da estrada A Picaraña-Os Ánxeles (AC-300) no termo municipal de Brión, desde a que se poderá acceder á autovía Santiago-Brión (AG-56).

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 2,5 millóns de euros nesta actuación, dos cales, algo máis de 780.000 euros destínanse ao pagamento de expropiacións dos 81 predios afectados.

A actuación consiste na construción dun treito de preto de 1,4 quilómetros que actúa como variante da AC-300 á altura do cruzamento dos Ánxeles e que servirá de ramal de acceso á autovía Santiago-Brión.

Este ramal de nova construción terá unha plataforma de oito metros de ancho constituída por dous carrís de 3,5 metros e dúas beiravías de 2 metros.



O CONSELLO AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO ENTRE A XUNTA E O GOBERNO CENTRAL PARA A PRESTACIÓN MUTUA DE SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- *Con este acordo, a Xunta terá acceso á Rede SARA que conecta en liña a Administración do Estado con distintas comunidades autónomas*
- *O convenio permítelle á Xunta acceder a servizos de verificación de datos de identidade e de residencia dos cidadáns*
- *A Xunta tamén se beneficiará do servizo de plataforma de validación e sinatura electrónica*
- *O Goberno galego poderá utilizar o sistema de Enderezo Electrónico Único e o Servizo de Notificacións Telemáticas Seguras*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Administracións Públicas (MAP) para a prestación mutua de servizos de administración electrónica, o cal non comporta obrigas económicas. Desta maneira, a Xunta de Galicia terá conexión á Rede SARA (Sistemas, Aplicacións e Redes para as Administracións) e poderá acceder ás funcionalidades dos seguintes servizos do MAP:

- Verificación de datos de identidade e de residencia dos cidadáns
- Plataforma de validación e firma electrónica
- Enderezo Electrónico Único e Catálogo de Procedementos do Servizo de Notificacións Telemáticas Seguras
- Comunicación de domicilio a organismos da Administración xeral do Estado

Este convenio ten unha vixencia de tres anos e ambas as partes poderán acceder a funcionalidades doutros servizos mediante a subscripción de novas addendas. Con este acordo prodúcese un aproveitamento mutuo de servizos da administración electrónica co obxectivo de ofrecer uns servizos de interese para os cidadáns e de conseguir unha maior eficiencia no uso dos recursos públicos e na simplificación da tramitación administrativa. Desta maneira, impúlsase a prestación do servizo en liña e permítese a interoperatividade dos servizos, dos trámites e dos procedementos.

Conexión á Rede SARA

A Rede SARA está integrada por infraestruturas tecnolóxicas que permiten conectar en rede a todas as administracións que o desexen e facilitar un sistema de intercambio de aplicacións entre elas. Con este convenio búscase determinar un enlace común para todas as necesidades de intercomunicación entre administracións posto que estas teñen que cooperar en moitas ocasións para ofertarlles servizos aos cidadáns.



En canto ao alcance do sistema, este abarca a conexión a unha plataforma básica de comunicacións de ámbito privado e conta cunha política de seguridade común para facilitar o intercambio seguro de información entre as aplicacións das administracións conectadas á Rede SARA. A conexión proporcionase a través dunha Área de Conexión (AC) situada en dependencias da Xunta e que é instalada, administrada e mantida polo MAP.

A AC comunica a Rede Corporativa da Xunta coas redes corporativas doutras administracións e entidades públicas conectadas a SARA, coa intranet da Administración xeral do Estado e coa Rede TESTA II da Comisión Europea. Ademais, habilítanse as aplicacións informáticas da Xunta e da Administración xeral do Estado –e das entidades vinculadas ou dependentes- para utilizar os servizos que se presten a través da Rede SARA.

Verificación de datos de identidade e de residencia

Cos servizos ofrecidos polo MAP para a verificación de datos de identidade e de residencia posibilitase a supresión da necesidade de presentar fotocopias do documento de identidade e do certificado de empadramento para probar o domicilio e a residencia en procedementos administrativos xa que isto se pode suplir cunha consulta nos Sistemas de Verificación de Datos de Residencia (SVDR) e de Datos de Identidade (SVDI).

Plataforma de validación e sinatura electrónica

Con este convenio, a Xunta tamén pode acceder aos servizos ofrecidos polo MAP a través da plataforma de validación e firma electrónica: a validación de sinaturas e certificados electrónicos, a sinatura electrónica de ficheiros e formularios e os selos de tempos. Así foméntase a posta en marcha e o despregamento das aplicacións informáticas que empreguen a sinatura, a autenticación, a validación ou a xeración de sinatura electrónica como de servizos da administración electrónica na súa relacións cos cidadáns, empresas e organismos.

Enderezo Electrónico Único e Notificacións Telemáticas Seguras

O MAP desenvolveu o Sistema de Enderezo Electrónico Único (EEU) e o Catálogo de Procedementos do Servizo de Notificacións Telemáticas Seguras para a Administración Xeral do Estado e a el poden adherirse as CCAA para notificar os seus actos e as súas resolucións administrativas. Os servizos que ofrece o MAP coa notificación telemática segura e de enderezo electrónico única son a xestión do EEU e do catálogo, a publicación de procedementos e a xestión da subscrición a procedementos. Así, a Xunta poderá utilizar todos estes servizos e, polo tanto, publicar os procedementos á disposición do cidadán no catálogo de procedementos.



Comunicación de domicilio

Mediante este convenio, o MAP tamén pon á disposición da Xunta os servizos de comunicación de domicilio aos órganos e organismos da Administración xeral do Estado. Desta maneira facilítase que as administracións que implanten sistemas de comunicación de cambio de domicilio poidan comunicar os novos datos aos órganos da Administración xeral do Estado e aos seus organismos dependentes para os que o cidadán consentise expresamente a comunicación. Desta maneira, a Xunta de Galicia poñerá a disposición dos cidadáns un formulario de solicitude mediante o que poden comunicar os datos referentes ao seu domicilio a aquelas unidades administrativas que escollan e será a Xunta quen envíe un volante electrónico con estes datos aos organismos pertinentes.



POLÍTICA TERRITORIAL E CAIXA GALICIA COLABORAN NO DESENVOLVEMENTO DUNHA NOVA TECNOLOXÍA PARA A IMPLANTACIÓN DA TARXETA SEN CONTACTO NO TRANSPORTE METROPOLITANO

- *Co emprego das novas tarxetas non se penalizarán os transbordos entre transporte urbano e metropolitano*
- *A banda magnética que incorporan subministrará datos á Administración sobre os perfís dos usuarios que lle servirán para elaborar accións concretas dirixidas aos colectivos máis sensibles*
- *A CPTOPT achega 1.147.000 euros para financiar a adaptación do sistema de pagamento, para bonificar o prezo das tarxetas e para promocionar o seu uso*
- *Inicialmente emitiranse 250.000 tarxetas, das cales 205.000 terán unha subvención do 50% que costeará a CPTOPT e as outras 45.000 entregaranse gratuítamente aos actuais usuarios*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a entidade Caixa Galicia para a implantación definitiva dunha tarxeta de transporte metropolitano sen contacto que non penalizará os transbordos entre os distintos modos de transporte nas áreas do Plan que funcionan actualmente (A Coruña, Ferrol e Santiago) e a súa extensión ao resto das áreas á medida que se vaian incorporando ao Plan Metropolitano da Xunta de Galicia.

O obxecto principal do acordo é acadar unha compatibilidade tecnolóxica entre os distintos tipos de pagamento existentes agora a través dunha tarxeta sen contactos dual interface, é dicir, unha tarxeta dotada cunha banda magnética que eliminará a penalización do transbordo entre os modos de transportes, o que redundará en beneficios económicos e comodidade para o propio usuario. Ademais, o emprego desta tarxeta subministrará importante información para a Administración sobre os perfís sociais que utilizan o transporte público. Deste xeito e en base aos datos dados polas tarxetas, poderán deseñarse políticas axeitadas ás demandas dos colectivos máis sensibles.

Desenvolvemento tecnolóxico

Para levar a cabo esta actuación requírese dunha infraestrutura tecnolóxica de última xeración que efectúe as operacións de cobramento e, ao mesmo tempo, dispoña do máximo grao de fiabilidade e procese un elevado nivel de información referente aos consumos efectuados que non dispón a actual tarxeta metropolitana.

Segundo o convenio que se asinará proximamente, a Consellería de Política Territorial achegará un total de 1.147.000 euros para financiar a adaptación do sistema de pagamento, para bonificar o prezo das tarxetas e para promocionar o seu uso.



Pola súa banda, Caixa Galicia comprométese a desenvolver a tecnoloxía necesaria para a implantación da nova tarxeta sen contacto e distribuíla durante un período de dez anos. Inicialmente porá á disposición pública un total de 250.000 tarxetas que serán editadas coa imaxe institucional do Transporte Metropolitano de Galicia. Delas, 205.000 venderanse ao usuario a un prezo de 3 euros (grazas á bonificación da Consellería de Política Territorial que rebaixa o custo nun 50%, xa que o seu prezo é de 6 euros), e as 45.000 restantes emitiranse para substituír as tarxetas antigas en poder dos usuarios, que neste caso non aboarán nada por elas. Así mesmo, Caixa Galicia comprométese a difundir e promocionar o uso da nova tarxeta metropolitana de transporte

O convenio autorizado hoxe enmárcase dentro das prioridades da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de desenvolver medidas específicas para acadar un transporte público de calidade e axeitado ás demandas dos usuarios de forma que se converta nunha alternativa real ao transporte privado.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA E A XERENCIA DO SECTOR NAVAL INVESTIRÁN 9.650.000 EUROS NA FORMACIÓN DE TRABALLADORES PARA A CONSTRUCCIÓN NAVAL

- *O Fondo Social da Unión Europea achegará 8.320.000 euros, mentres que a Consellería de Innovación proporcionará 1.330.000 euros, repartidos en tres anualidades*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Xerencia do Sector da Construcción Naval para o cofinanciamento de actividades de formación dirixidas aos empregados das factorías de construción naval e de todos aqueles parados que poidan ser obxecto de contratación por parte deste sector produtivo. Este convenio estipula unha cantidade de 9.650.000 euros en tres anualidades. A Consellería de Innovación e Industria achegará 1.330.000 euros para o financiamento destas actividades, mentres que a cantidade restante será achega dos fondos estruturais da Unión Europea (Fondo Social Europeo). O convenio dálle continuidade ao Plano de Formación no Sector Naval elaborado por Aclunaga en convenio coa Consellería e que foi presentado no mes de decembro de 2007.

Os investimentos previstos no acordo entre a Consellería e a Xerencia do Sector Naval servirán para financiar parte do custo das actividades, que estarán divididas en tres grandes grupos, que abranguen:

- No primeiro caso, todas as actividades de formación continua en que poden participar os traballadores das empresas
- No segundo apartado, as que se encamiñan á formación de desempregados que poidan ser incorporados polas empresas do sector
- O terceiro e último grupo que se verá beneficiado polo convenio será o que abrangue as accións de coordinación, seguimento, auditoría, avaliación, publicidade e comunicación social

Dentro dos gastos subvencionables, atópanse os relativos á dirección, administración, coordinación e xestión destas actividades; á súa promoción e difusión; os custos relativos ao profesorado e desprazamento, así como a elaboración do material; e os referentes á avaliación, seguimento e auditoría das distintas accións. Este convenio estará vixente ata o 30 de decembro do 2010.

A necesidade da formación no sector naval vén dada pola finalidade de manter unha formación continua dos seus traballadores que sirva para avanzar na súa especialización, diversificar o seu perfil e capacitarse para a evolución dos sistemas produtivos; ademais de fomentar a formación de traballadores de nova incorporación.



PESCA PRORROGA AS BOLSAS DE FORMACIÓN EN RÉXIME DE EMPRESA TUTELADA PARA TITULADOS EN CICLOS FORMATIVOS DE ACUICULTURA

- *Esta ampliación dá resposta á solicitude feita polos propios beneficiarios das axudas e suporá un desembolso de 28.770 euros ata 2009 por parte da Consellería de Pesca*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto plurinual da prórroga das bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os titulados en ciclos formativos de acuicultura e das que xa veñen desfrutando dende marzo do ano pasado. Esta ampliación dá resposta á solicitude feita polos propios beneficiarios das axudas e suporá un desembolso de 28.770 euros para as anualidades de 2008 e 2009 por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Concretamente, para o actual exercicio destinaranse 24.000 euros, mentres que o ano que vén contará con 4.770 euros para facer fronte aos meses de xaneiro e febreiro. Estas cantidades financiaranse con cargo aos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e permitirán facer fronte ao importe das bolsas, así como ao seguro de asistencia médica e ao seguro combinado de accidentes dos beneficiarios das axudas.

A posta en marcha destas bolsas de formación débese a que a Consellería de Pesca entende que o tránsito á vida laboral é un dos aspectos máis relevantes no eido da formación profesional. Neste senso, unha das iniciativas que se teñen relevado como máis eficaces é o da empresa tutelada, no que a entidade formadora facilita un período de práctica laboral nun ámbito de empresa ficticia, no que se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, aínda que a titularidade destes é da administración responsable do proceso formativo.

Por este motivo, convocáronse tres bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os titulados en ciclos formativos de acuicultura mediante a Orde do 4 de outubro de 2006, modificada por unha Orde do 7 de marzo de 2007. Esta nova normativa establecía que as persoas seleccionadas se beneficiarían das axudas a partir do 1 de marzo de 2007 e durante un ano, podéndose prorrogar este período por outro de igual duración a petición da parte interesada.

Ademais, a Orde de 2007 establecía que a contía de cada unha das axudas inclúe unha asignación mensual bruta de 715 euros así como un seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes, tendo en conta e aplicando ademais o Real Decreto, do 27 de xaneiro de 2006, polo que se aproba o Estatuto de persoal investigador en formación. Aínda así, dado o carácter formativo e de especialización destas bolsas, a concesión das axudas non implican relación laboral ou administrativa



entre o beneficiario e a Consellería de Pesca nin dá lugar á súa inclusión na Seguridade Social. Os bolseiros, pola súa banda, teñen que cumprir co horario e as normas de funcionamento do centro onde realicen a súa formación.



A XUNTA DESTINARÁ 21,6 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS ÁS PEMES PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS AMBIENTAIS E A XESTIÓN DE RESIDUOS E PARA REDUCIR A CONTAMINACIÓN INDUSTRIAL E OS GASES DE EFECTO INVERNADOIRO

- *A Administración autonómica subvencionará distintas liñas de apoio, que se levarán a cabo mediante convocatorias públicas, e que, coas achegas das empresas, suporán un investimento total de 28,8 millóns de euros ata 2013*
- *A Consellería de Medio Ambiente financiará ata o 75% do investimento das empresas en medidas de protección ambiental*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sobre o programa de apoio ás pequenas e medianas empresas (PEMES) industriais para melloras ambientais, que estará vixente ata 2013. Trátase dunha liña de axudas que ten como obxectivos mellorar as condicións ambientais das empresas, así como a súa xestión de residuos, á vez que reducir a contaminación e as emisións de gases de efecto invernadoiro das industrias.

A posta en marcha deste programa suporá un investimento total de 28,8 millóns de euros, dos que 21,6 serán aportados pola Consellería de Medio Ambiente mediante a concesión de axudas e a contía restante polas propias empresas. Así, as ordes de axuda daranse a coñecer mediante convocatorias públicas, nas que se recollerán os requisitos, criterios de selección e prazo de solicitudes de cada unha.

Concretamente, estableceranse catro ordes de axudas:

- **Axudas para a prevención da contaminación:** subvencionarase as melloras tecnolóxicas para a redución da contaminación, reutilización ou valoración enerxética ou mellora no sistema de xestión de residuos. As axudas poderán acadar ata o 50% do investimento realizado, cun máximo de 60.101 euros por proxecto.
- **Axudas para a redución dos gases efecto invernadoiro:** destinaranse á actuacións destinadas á redución deste tipo de gases. A axuda poderá acadar ata o 75% do custe total do proxecto, cun máximo de 30.000 euros por actuación.
- **Axudas para a contratación de técnicos de medio ambiente nos sectores produtivos:** esta orde ten por obxecto promover a mellora integral dos sectores empresariais organizados (clústers, asociacións, federacións ou confederacións), así como corporacións locais organizadas baixo figuras como mancomunidades ou agrupacións de concellos. Os beneficiarios terán unha axuda para a contratación de técnicos durante un período de tres anos.



- **Axudas para a adhesión e mantemento do sistema comunitario de xestión e auditoría medioambiental (Emas):** esta orde é complementaria ás anteriores e ten como obxectivo final a implantación e mantemento dun sistema de xestión ambiental validado. A consellería subvencionará ata o 75% do custo da implantación e verificación da norma, que no caso de partir da ISO 14001 será do 50%.